

Alcaldes que asistiron ao xantar e á entrega de premios.



Especialistas en plena cata.

Rodríguez seguiu a tradición familiar e o mesmo fixo o seu fillo, Emilio Rodríguez, nos anos 90. As dezaseis hectáreas de viñedos producen 80.000 litros de viño.

Na XI Cata de Viños da Ribeira Sacra tamén recibiron premios as siguintes marcas: o segundo e terceiro en tintos foi para Algueira e Don Pío, respectivamente, e en brancos para Viña Garoña e Peza do Rei.

Na cata participaron 36 adegas inscritas do Consello Regulador de Denominación de Orixe Ribeira Sacra e 49 mostras das que sete foron de brancos e 42 de tintos. A entrega dos premios fixose ao comezo do xantar no que participaron os catadores, presidente e vocais do Consello Regular, alcaldes da Ribeira Sacra, adegueiros, viticultores e convidados ata un total de 140 persoas. O menú consistiu en carpacio de polbo, barquillo de aldea recheo de queixo do Cebreiro; patacas guisadas á importancia con encebolado de choco; brocheta de solomillo ibérico con salsa que queixo de San Simón; sopa de frutas con mousse de yogurt; auga mineral, viños da Ribeira Sacra e augardentes.

José Manuel Rodríguez González, presidente do Consello Regulador, suliñou que se trataba dun "encontro das adegas, dos viticultores e prensa especializada; unha festa dos nosos viños e a cata para ver a evolución dos caldos da Ribeira Sacra, que vai por bo camiño".



O alcalde de Nogueira de Ramuín, cos rexidores de Sober e Monforte.